

Os voceiros da comarca de Lugo reúnen-se para tratar o tema do IES As Mercedes e apoiar a manifestación do xoves

Os representantes do PSdeG nos concellos da comarca centrarán a reunión desta tarde no conflito educativo e ven prioritario “tratar de frear a restructuración do mapa provincial que o PP pretende realizar por decretazo e sen consenso”

O coordinador comarcal, Álvaro Santos, destaca que “a realidade é que o PP pecha un centro público de ensinanza obrigatoria en Lugo, e iso é a mostra dunha clara decisión ideolóxica”

Os voceiros do PSdeG nos concellos da comarca de Lugo reuniranse esta tarde ás 20.00 horas na sede do partido en Lugo, na Rúa Salmón, e centrarán o seu encontro periódico para tratar os temas da zona na problemática do IES As Mercedes e a decisión da Xunta de eliminar ESO e BAC no sur da cidade. O coordinador comarcal do PSdeG, Álvaro Santos, sinala como prioritario “tratar de frear non só o caso de As Mercedes, senón a restructuración do mapa educativo provincial que o PP pretende realizar sen un estudo e plan ben pensado, por decretazo e sen consenso”, do que “este instituto só é o pistoletazo de saída”. O socialista incide en que “non hai que obviar a realidade, que é que o PP pecha un centro público de ensinanza obrigatoria en Lugo, e iso é mostra dunha clara decisión ideolóxica”.

Os socialistas falarán asimesmo do apoio á manifestación convocada pola Plataforma Cidadá en Defensa do IES As Mercedes para este xoves día 30, que sairá ás 19.30 horas desde a porta do instituto. Álvaro Santos destaca a importancia de que “a xente se conciencie de que este é un problema que non só afecta aos profesores, alumnos e pais deste centro, senón que é unha reivindicación que vai máis aló, e que ten que ver coa defensa dunha educación pública de calidade que non se decida desde un despacho cunha calculadora e por motivos ideolóxicos”. Así, os socialistas defenden “o exemplo de integración” do IES As Mercedes “como modelo e exemplo de que ESO e BAC non son incompatibles co impulso e potenciación da FP, senón todo o contrario”.

27 de maio de 2013